



29 HISTÓRIAS DISPARATADAS.

Contos escritos en portugués cheos de enxeño e imaxinación para viaxar por un mundo de moitas cores e formas onde todo é posible. Mesmo o máis inverosímil.



ROSALÍA DE CASTRO: CANTOS DE INDEPENDENCIA E LIBERDADE.


Rigurosa e obxectiva investigación sobre a vida da poeta en Santiago de Compostela e no Madrid do século XIX.



ASTÉRIX CHEZ LES HELVÈTES.

Unha nova aventura da famosa parella de galos Astérix e Obélix que se desenvolve en Helvetia (Suiza).

Escrito en Francés.




biblioteca do IES A Xunqueira II
visita o noso blogue:
www.bibliototem.blogspot.com



galicia

Xacobeo 2021





HEICHAS CONTAR.

Valioso conxunto de 175 lendas galegas recollidas polo antropólogo Rafael Quintia ao longo de 15 anos de traballo e investigación. Pretende dar voz e ser unha homenaxe a todas aquelas persoas que compartiron co autor esta parte do noso patrimonio inmaterial.

BÍCAME PROFE.

Manga traducido ao galego que nos relata as vivencias de Atsushi-kun para estar preto do seu namorado e antigo veciño e amigo.




LA GUARIDA DEL HORROR.

Richard Corben, lenda dos cómics de terror, ofrece a súa visión dos clásicos de Edgar Allan Poe. Cada adaptación está cuidadosamente debuxada en branco e negro.

NINGUÉN MORREU DE LER POESÍA.



Libro que recolle os espectáculos do dúo poético Aldaolado, nos que xogan coa lírica, a música, o humor, a transgresión e, a cotío, a irreverencia.



HARRY POTTER: LA GUÍA POP-UP DE HOGWARTS. Descubre a escola de maxia e feitizaría Hogwarts nesta obra tridimensional do mestre da enxeñaría do papel Matthew Reinhart. Con maravillosos *pop-ups* do Castelo de Hogwarts, o Bosque Prohibido e moito máis. Peza obrigatoria para calquera fan de H. Potter.


GEOMETRÍA PARA TURISTAS.

Fermosa guía de viaxe para disfrutar de 125 marabillas mundiais cunha ollada cultural e co misterio das matemáticas de fondo.




LA ODISEA ILUSTRADA.

Ilustrado polo gran Miguel Brieva, un dos mestres do cómic, e con textos traducidos por Carmen Estrada, este libro amosa as aventuras de Odiseo a través dun diálogo entre Homero e o debuxante.



LA PIRÁMIDE ROJA.

Novela de fantasía e aventuras baseada na mitoloxía exipcia, escrita por Rick Riordan en 2010. É a primeira novela da serie. O libro escribiuse como se fose unha gravación dos irmáns Kane: Carter e Sadie.



ÍCARO.

Este álbum galardoado co VII Premio Internacional Compostela é unha fermosa alegoría sobre a liberdade. Realidade e fantasía converxen, abrindo as posibilidades de interpretación dunha historia debedora de Kafka e Hopper.